

COUSAS

“As cousas existen para volver existir”

Agustín Fernandez Mallo

Non fun nunca de gardar cousas, nunca lles dei ningunha transcendencia. Para min só eran “cousas”, obxectos materiais que nun tempo determinado estiveran aí. Non pensei que podían axudarme a coñecer mellor a persoa que as posuía, e que, segundo as palabras que encabezan este texto, tamén poderían volver existir a través delas.

Agora que ando á procura de coñecer a muller que habitaba o corpo da miña nai, boto en falta cousas dela, calquera cousa: un vestido, un broche, uns pendentes, un pano, un retrato, o libro de Dostoievski *Crime e castigo*, que lía e relía sentada nunha cadeira da cociña... Algo que a sobrevivía.

Desgraciadamente, non gardei nada dela. Cando comecei unha nova vida non quixen levar nada daquela casa. Decidín que a miña vida comezaba nese momento, pensando que podía fragmentar o tempo. Non contaba coa memoria.

No referente á muller que era a miña nai admito, non sen unha sensación de culpabilidade, que a memoria é unha folla en branco, a falta dalgún obxecto persoal que a identifique coa muller culta e sensíbel que sen dúbida era. Sen eses obxectos persoais, aparentemente sen importancia, pero que ela coidaba tanto, a súa historia única e intransferíbel está incompleta.

É doloroso, no último treito do camiño, ser consciente do tempo que desperdicie en queixas inúteis, e seguro que as máis das veces inxustas. Simplemente tiñamos intereses distintos: eu precisaba unha nai e ela andaba perdida en entresóns do pasado. Custa admitir ás veces que as nais son tamén mulleres.

Non foi posíbel nesta vida poñernos de acordo. Pensei que o tiña superado, pero non é así: “a xente morre para facerse imprescindíbel”.